

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*RESOLUCIÓN do 9 de abril de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais para o curso 2015/16.*

O artigo 56 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, dispón que para acceder aos estudos superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais será preciso estar en posesión do título de bacharel, así como superar unha proba de acceso, regulada polas administracións educativas, en que o aspirante demostre os coñecementos e habilidades profesionais necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

O artigo 19.1 da Orde do 30 de setembro de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* do 11 de outubro), corrixida no DOG do 17 de abril de 2012, pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao, dispón que será competencia da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a convocatoria, organización, desenvolvemento e avaliación das probas de acceso ás ensinanzas de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais na Comunidade Autónoma de Galicia, establecidas na Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación.

En consecuencia, procede ditar instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas superiores en Conservación e Restauración de Bens Culturais para o curso 2015/16. Xa que logo, en virtude das atribucións que lle son conferidas polo Decreto 45/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Convocar as probas de acceso específicas ás ensinanzas superiores en Conservación e Restauración de Bens Culturais para o curso 2015/16, que se rexerán polas seguintes instrucións:

Primeiro. *Acceso*

a) De acordo co establecido no artigo 16 da Orde do 30 de setembro de 2010, para o acceso ás ensinanzas superiores en Conservación e Restauración de Bens Culturais re-



quirirase estar en posesión do título de bacharel ou titulación declarada equivalente, ou ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, e superar a proba específica de acceso.

b) Aquelas persoas que desexen realizar a proba específica de acceso e teñan pendente algunha das materias do bacharelato poderán realizar a dita proba e, no caso de obter praza, matricularse de forma provisional no prazo establecido; deberán acreditar a obtención do título de bacharel antes do inicio do curso no mes de setembro; no caso de non acreditalo, perderán o dereito á matrícula e á praza.

c) De conformidade co citado artigo 16.2 da Orde do 30 de setembro de 2010, a superación desta proba específica permitirá acceder a calquera dos centros do Estado onde se cursen estas ensinanzas, sen prexuízo da súa dispoñibilidade de prazas.

d) Así mesmo, segundo o establecido no artigo 18.1 da citada orde, poderán acceder aos estudos superiores en Conservación e Restauración de Bens Culturais, sen realizar a proba específica sinalada no artigo 16 da mesma orde, os aspirantes que estean en posesión dun título de técnico superior en artes plásticas e deseño.

*Segundo. Órganos competentes para resolver os procesos de acceso e admisión*

a) Comisión de acceso. De conformidade co disposto no artigo 19 da Orde do 30 de setembro de 2010, para os efectos de dar cumprimento ao establecido nesta resolución, formarase unha comisión de acceso que supervisará o proceso de admisión do alumnado e o cumprimento das normas que o regulan, que propondrá, se é o caso, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a adopción das medidas que considere adecuadas. Os membros desta comisión son os que se recollen no anexo desta resolución.

b) Comisión avaliadora. Para o desenvolvemento e a avaliación das probas de acceso específicas, a comisión de acceso estará asistida por unha comisión avaliadora, tal e como se recolle no anexo á presente resolución.

c) A Dirección da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia (ECRBBCCG) garantirá a actuación deste tribunal e, se é o caso, das suplencias que se poidan producir.

CVE-DOG: 2fyqdas1-5zn2-7m97-qqb5-yq8jqppmgq4



Terceiro. *Inscrición para realizar as probas*

a) A inscrición farase na secretaría da ECRBBCCG, no prazo comprendido entre o día seguinte ao da publicación da presente resolución e o día 9 de xuño, ambos incluídos. Para tal fin, o centro deberá expor nos seus taboleiros de anuncios a normativa reguladora de admisión do alumnado.

b) Para a formalización das solicitudes de admisión, a ECRBBCCG facilitaralles ás persoas interesadas o modelo para o efecto. Unha vez cuberto, entregarase unha única instancia na secretaría do centro, xunto coa documentación que proceda, segundo o caso, para a acreditación dos datos consignados:

– Título de bacharel ou titulación equivalente, ou certificación de ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos. No caso de aspirantes que teñan pendente a superación da proba de acceso a estas ensinanzas para maiores de dezanove anos ou algunha materia do bacharelato, farano constar na solicitude, quedando condicionada á superación dela.

c) Os aspirantes que estean pendentes da avaliación do proxecto final, ou da avaliación final do ciclo, para a obtención dun título de técnico superior en artes plásticas e deseño na convocatoria de xuño do ano académico 2014/15 e, en consecuencia, non dispoñan do título antes de finalizar o prazo de inscrición, poderán, igualmente, formalizar a súa inscrición para o acceso e admisión ás ensinanzas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, para o que deberán presentar a certificación de ter solicitado o devandito título para a formalización da matrícula no prazo ordinario establecido.

d) O día 10 de xuño a ECRBBCCG exporá a lista provisional de admitidos ás probas. O alumnado que non sexa admitido poderá presentar a súa reclamación, ou solicitar a emenda dos erros observados, entre os días 11 e 12 de xuño, ambos os dous incluídos.

e) A ECRBBCCG deberá enviarlle á comisión, o día 16 de xuño, a través de correo electrónico, a relación definitiva de persoas inscritas para realizar as probas de acceso en cada especialidade, ordenadas alfabeticamente, con apelidos, nome e número do documento nacional de identidade.

f) A relación definitiva de persoas inscritas será exposta no taboleiro de anuncios da ECRBBCCG o día 16 de xuño, así como no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, <http://www.edu.xunta.es>.



#### Cuarto. *Acceso directo*

a) De conformidade co artigo 18.2 da Orde do 30 de setembro de 2010, a porcentaxe de prazas sobre o total das ofertadas en cada especialidade para os aspirantes que estean en posesión dun título de técnico superior en artes plásticas e deseño é dun 20 %. O 80 % restante será adxudicado mediante a proba específica.

b) O criterio de prelación na adxudicación das prazas por acceso directo, cando non existan prazas suficientes, será en función da mellor cualificación final obtida polo aspirante no ciclo superior de artes plásticas alegado para o dito acceso directo, calculada segundo se establece no artigo 9.4 da Orde do 9 de setembro de 2004 pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de artes plásticas e deseño de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Para os efectos do cálculo da cualificación media do expediente académico das persoas que soliciten acceder aos ciclos formativos, cando sexa preciso, aplicaranse as seguintes equivalencias, agás que no seu expediente consten explicitamente as cualificacións numéricas das materias; neste caso, serán as que se teñan en conta:

- Suficiente/aprobado: 5,5.
- Ben: 6,5.
- Notable: 7,5.
- Sobresaliente/matrícula de honra: 9,0.

O resultado de aplicar a táboa de equivalencias indicada anteriormente expresarase coa media aritmética das diferentes materias que integran os cursos dos respectivos plans de estudo, con dúas cifras decimais. Así mesmo, para determinar a media do expediente académico non se considerarán as materias ou áreas que o alumnado teña validadas ou nas cales estivese exento.

d) No caso de non quedaren cubertas as prazas de acceso directo, estas prazas serán asignadas aos aspirantes que superaron as probas específicas.

#### Quinto. *Desenvolvemento das probas*

a) As probas específicas de acceso comezarán o día 23 de xuño, de acordo co calendario que para tal efecto establece a comisión avaliadora da proba específica de acceso.



b) A Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais organizará a distribución horaria e de espazos para facilitar a actuación da comisión avaliadora.

c) Proba específica.

1. A proba de acceso aos estudos superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais constará de tres exercicios:

Exercicio 1. Madureza e formación.

O primeiro exercicio consistirá na análise dun texto, relacionado cos bens culturais, nun tempo máximo de noventa minutos.

Este exercicio terá como obxecto apreciar a madureza e formación xeral do/a alumno/a, capacidade de síntese e relación. A cualificación do exercicio oscilará entre 0 e 10.

Exercicio 2. Coñecementos específicos.

O segundo exercicio versará sobre as materias do nivel educativo precedente: a) Historia de España, b) Historia da Arte, c) Física e Química, d) Bioloxía. O/A alumno/a seleccionará dúas das ditas materias e desenvolverá por escrito unha cuestión de entre catro que lle sexan propostas de cada unha das dúas materias elixidas.

O tempo máximo para contestar a cada unha das cuestións sobre as materias elixidas será de sesenta minutos.

Este exercicio terá por obxecto acreditar que o alumno posúe coñecementos específicos suficientes para cursar os estudos de Conservación e Restauración de Bens Culturais. Cada unha das materias do exercicio será puntuada de 0 a 10 e a media aritmética resultante constituirá a nota do exercicio.

Exercicio 3. Aptitude plástica.

O terceiro exercicio constará das seguintes partes:

a) Realización dun debuxo do natural, de enfoque mimético, con modelo real, exento e inanimado. Valorarase a fidelidade na representación, a calidade do grafismo e a precisión e acabado do traballo.



b) Realización dun traballo sobre representación de cor. Considerarase a correcta utilización das técnicas empregadas e o grao de comprensión dos valores e calidades de cor.

c) Realización dun traballo práctico para a valoración das aptitudes específicas que requiren os estudos de Conservación e Restauración de Bens Culturais. Considerarase a habilidade manual, a meticulosidade e a pulcritude na realización do traballo.

O tempo máximo para a realización deste exercicio determinarao o tribunal de acceso.

Este exercicio terá por obxecto apreciar as aptitudes dos alumnos, tanto plásticas como específicas, para a conservación e restauración. A súa cualificación será a media aritmética da puntuación obtida en cada epígrafe, que se cualificará entre 0 e 10.

A cualificación global da proba resultará da media ponderada das cualificacións obtidas nos distintos exercicios. Os exercicios primeiro e segundo ponderaranse nun 20 % cada un e o terceiro nun 60 %.

Para a superación da proba de acceso exixirase unha cualificación global igual ou superior a 5.

#### Sexto. *Admisión do alumnado*

a) Unha vez concluída a proba específica, e antes do 25 de xuño, a comisión avaliadora publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web da ECRBBCCG a listaxe de persoas que superaron a proba e as non admitidas en cada especialidade, ordenadas por puntuación en orde decrecente.

b) A ESCRBBCCG comunicará o día 25 de xuño á comisión a relación de aspirantes que superen as probas de acceso, ordenados por puntuación e en orde decrecente.

c) A comisión, á vista das listaxes dos aspirantes que superaron a proba de acceso, determinará, en función do número de vacantes, os aspirantes que obtiveron praza na ECRBBCCG, e elevará a proposta á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

d) A listaxe de persoas admitidas será comunicada á ECRBBCCG, para a súa publicación no taboleiro de anuncios e na súa páxina web, o día 3 de xullo, e será exposta no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, <http://www.edu.xunta.es>.



e) No caso de quedaren prazas vacantes, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá establecer un proceso extraordinario de acceso na primeira semana de setembro.

Sétimo. *Reclamacións e recursos*

a) Os acordos e decisións da comisión avaliadora sobre as probas de acceso poderán ser obxecto de reclamación, mediante escrito razoado e presentado na Secretaría da ECR-BBCC, ante o mesmo órgano que os ditou, no prazo de dous días hábiles, contados a partir da data de publicación das cualificacións. Este órgano deberá resolver as reclamacións no prazo de dous días hábiles.

b) Contra as resolucións das reclamacións emitidas polo tribunal, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Oitavo. *Matrícula*

a) O alumnado que obteña praza deberá formalizar a súa matrícula entre os días 3 e 14 de xullo, ambos incluídos.

b) Para a formalización das solicitudes de matrícula, a ECRBBCC facilitaralles ás persoas interesadas os modelos para o efecto. Unha vez cuberto, entregárase unha única instancia na secretaría da escola, que se xuntará á documentación xa presentada. A non formalización de matrícula no prazo estipulado, salvo causas debidamente xustificadas, implicará a perda do dereito a acceder a estas ensinanzas no curso 2015/16.

c) A posta en marcha de cada especialidade estará condicionada á existencia dun número mínimo de alumnos e alumnas admitidos, e non se cuantifica, para estes efectos, o alumnado repetidor.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2015

Manuel Corredoira López  
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

CVE-DOG: 2fyqdas1-5zn2-7m97-qqb5-yq8jqppmgq4



## ANEXO

Comisión de acceso ás ensinanzas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais para o curso 2015/16.

Presidente: Gonzalo Porral Mato.

Secretario: José Antonio Quinteiro Alonso.

Vogal: Andrea Fernández Arcos.

Comisión avaliadora das probas específicas de acceso ás ensinanzas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais para o curso 2015/16.

Tribunal titular	Tribunal suplente
Presidenta: Carmen Lorenzo Rivera	Presidente: Cristina Montojo Santos
Secretaria: María Dolores Cores Riveiro	Secretaria: Adelaida Lorenzo Sueiro
Vogal 1º: José Granados Marín	Vogal 1º: Araceli Torres Fernández
Vogal 2º: Ana Villarquide Jevenois	Vogal 2º: Rosa María Fernández Caamaño
Vogal 3º: Antón Pereira Abonjo	Vogal 3º: Elena Nieto Atanes

